CIG-Autonómica

BORRADOR DA CONVOCATORIA DO CONCURSO DE TRASLADOS, GRUPO V (04/02/11)

ORGANISMO: DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA

Capítulo:

Epígrafe:

(Para cubrir en el Diario Oficial de Galicia)

SUMARIO

Orde do de de 2010 pola que se convoca concurso para a provisión de postos de traballo vacantes do grupo V de persoal laboral da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no capítulo IV do V convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, convócase concurso para a provisión de postos vacantes reservados a persoal laboral do grupo V nas relacións de postos de traballo.

Os postos vacantes convocados así como os requisitos para o seu desempeño son as que figuran no anexo I da presente convocatoria.

PROVISIÓN DEFINITIVA

CONCURSO DE TRASLADOS

I. Participantes e requisitos para a participación:

I.1.- Poderá participar neste concurso:

- O persoal laboral fixo do grupo V da Xunta de Galicia en activo unha vez transcorridos dous anos desde que accedese ao posto que veña desempeñando con carácter definitivo, agás que este se provese polo sistema de libre designación en cuxo caso no se exixirá permanencia.
- O persoal laboral fixo do grupo V da Xunta de Galicia en excedencia voluntaria por interese particular, unha vez transcorrido o primeiro ano de permanencia nesa situación.

- O persoal laboral fixo do grupo V da Xunta de Galicia en excedencia voluntaria por incompatibilidade, agás o que a solicitase tras superar o proceso selectivo derivado da Oferta de Emprego Público do ano 2005 (disposición transitoria décimo primeira do V convenio).

I..2.- Está obrigado a participar neste concurso:

- O persoal laboral fixo do grupo V removido dun posto de libre designación.
- O persoal laboral fixo do grupo V reingresado con carácter provisional desde a situación de excedencia. O incumprimento da obriga de participar determinará a declaración na situación de excedencia voluntaria por interese particular.
- O persoal laboral fixo do grupo V a disposición do secretario xeral ou adscrito provisionalmente a un posto por amortización do seu destino definitivo.

A obriga de participar do persoal incluído nos tres apartados anteriores esténdese a todas as prazas da súa categoría profesional.

1.3. Non poderá participar neste concurso:

O persoal do grupo V que accedeu a condición de persoal laboral fixo na convocatoria derivada da oferta de emprego público do ano 2005, xa se atope en situación de destino provisional, suspensión de contrato ou excedencia voluntaria. A este persoal se lle ofertarán as vacantes existentes tras a resolución da primeira fase de resultas para a súa adxudicación con carácter definitivo (disposición transitoria décimo primeira do V convenio).

I.4.- Os aspirantes interesados en participar na presente convocatoria deberán posuír os requisitos do posto e categoría profesional requiridos na relación de postos de traballo para desempeñar a vacante á que pretenden acceder.

Excepcionalmente:

- Poderá solicitar postos de calquera categoría profesional, o persoal laboral fixo do grupo V que se atope en excedencia voluntaria por incompatibilidade e non poida reingresar ao servizo activo por non existir posto de traballo reservado á súa categoría de pertenza, por estar reservado a corpo o escala de funcionarios na correspondente relación de postos de traballo ou por estar amortizados ou declarados a extinguir nas correspondentes relacións de postos de traballo (disposición transitoria cuarta do V convenio)
- Poderá solicitar postos da categoría profesional ao que estea adscrito, o persoal laboral adscrito temporalmente por causa de saúde ou tras ser declarado en situación de incapacidade permanente para a profesión habitual (artigo 7.2 a) 1 do V convenio).
- Poderá solicitar posto doutra categoría profesional do grupo V para a que posúa os requisitos calquera traballador pertencente ao mesmo grupo, na segunda fase de resultas (disposición transitoria décimo primeira. 2 do V convenio).

Os participantes que opten nesta fase a postos das categorías integradas na familia funcional de servizos forestais e intervención 10B-14 e 14A, deberán superar a correspondente proba física ou de recoñecemento médico exixida nese momento para poder acceder aos ditos postos.

A convocatoria para a realización da proba publicarase no Diario Oficial de Galicia unha vez adxudicados os postos ofertados (anexo III) e os que quedaren vacantes a resultas de tal adxudicación (primera fase de resultas).

II.- Postos ofertados e fases de resultas

Ademais de aos postos que figuran no anexo I o persoal que o desexe poderá optar:

- Na primeira fase de resultas: Aos postos da súa categoría que resulten vacantes a consecuencia da adxudicación dos postos ofertados no anexo I.
- Na segunda fase de resultas. Aos postos de categoría distinta á de pertenza que resulten vacantes tras a elección de destino definitivo dos aspirantes que superaron os procesos selectivos para acceder ao grupo V que foron convocados en execución da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2005 (artigo 7.2 do V convenio). A este persoal de novo ingreso se lle ofertarán os postos que queden vacantes tras a adxudicación dos postos ofertados no anexo I e a resolución da primeira fase de resultas.

Poderase participar en ambas as dúas fases de resultas ou só nunha delas, pero quedarán automaticamente excluídos da seguinte fase os que obtivesen un posto dos ofertados no anexo I ou na primeira fase de resultas .

III. Solicitudes .

III.1.- As solicitudes para tomar parte neste concurso dirixiranse ao director xeral da Función Pública da Consellería de Facenda. O modelo de solicitude estará a disposición de todos/as os/as que desexen participar no concurso na páxina web da Xunta de Galicia (www.xunta.es). Despois de premer a modalidade de solicitude elixida, os/as aspirantes deberán cubrir todos os datos que aparecen en pantalla e posteriormente validalos e confirmalos. A solicitude deberá presentarse no prazo de 20 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia, nos rexistros xerais da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, nas súas delegacións provinciais e oficinas comarcais da Xunta de Galicia, así como nos lugares previstos no artigo 38 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

III.2.- Na dita instancia faranse constar, por orde de preferencia, as vacantes incluídas no anexo I sempre que se reúnan os requisitos esixidos para o seu desempeño.

III.3.- Igualmente se fará constar a participación na fase ou fases de resultas :

- Primeira fase de resultas. Os interesados farán constar na súa instancia:

a) Si optan unicamente a prazas de xornada completa doce meses ao ano.

b)Unha localidade podendo indicar a preferencia por un centro en concreto dentro desa localidade. Si se sinala a preferencia para un centro en concreto e non se sinala localidade, en caso de non obter posto nese centro non se adxudicaría en ningún outro.

c) As consellerías por orde de preferencia. Se non especifica ningunha consellería utilizarase a orde de prelación fixada na instancia.

- Segunda fase de resultas. Os interesados farán constar na súa instancia:

a) Ata tres categorías profesionais.

b) Unha localidade. para cada categoría podendo indicar a preferencia por un centro en concreto dentro desa localidade. Si se sinala a preferencia para un centro en concreto e non se sinala localidade, en caso de non obter posto nese centro non se adxudicaría en ningún outro.

III.4.- Na instancia farase constar tamén a concorrencia de razóns de reunificación familiar xustificándoas documentalmente (libro de familia, rexistro de parellas de feito, certificado de empadroamento..) Entenderase que hai reunificación familiar cando como consecuencia do concurso ambos os dous cónxuxes ou parella de feito coincidan nos seus respectivos traballos na mesma localidade ou *en* localidade de concello limítrofe ou en distancias non superiores a 30 quilómetros.

A concorrencia de razóns de reunificación terá carácter de criterio de adxudicación preferente unicamente na primeira fase de resultas.

III.5 Unha vez transcorrido o período de presentación de instancias, as solicitudes formuladas serán vinculantes para o peticionario e os destinos adxudicados serán irrenunciables, salvo que se obtivese outro destino mediante convocatoria pública antes de rematar o prazo de toma de posesión. Así mesmo e con carácter excepcional poderase renunciar á participación no concurso, antes de rematar o prazo de reclamacións das listas provisionais, sempre que exista causa de forza maior debidamente acreditada que, en todo caso será libremente apreciada pola comisión de valoración.

IV.- Documentación/xustificación dos méritos e demais circunstancias:

IV.1.- Os méritos e demais circunstancias persoais valoraranse con referencia á data do peche de presentación da solicitude de participación e serán certificados polas unidades seguintes, de acordo co destino definitivo do traballador:

- Servizos centrais: secretario/a xeral, subdirector/a xeral ou xefe/a de servizo que teñan atribuídas funcións en materia de persoal, dependentes da secretaría xeral da consellería respectiva, ou dos seus organismos autónomos.
- Servizos periféricos: xefe/a territorial ou funcionario responsable da área de persoal da xefatura territorial da consellería respectiva ou dos seus organismos autónomos.

IV.2.- Para a xustificación dos méritos os interesados deberán presentar na súa unidade de persoal a documentación acreditativa dos méritos referidos no anexo II. Esta documentación deberá achegarse ás unidades de persoal do... de ...ao ... de ... de 200-.

A unidade de persoal, en base á documentación achegada polo interesado, deberá xerar a certificación electrónica, para o que a Dirección Xeral da Función Pública porá a súa disposición os medios informáticos axeitados. O prazo para expedir esta certificación será do -- de --------- ao -- de ---------- de 2011.

Unha vez emitida a certificación o interesado deberá asinala e remitila á Dirección Xeral da Función Pública ata o día ...de ... de 2011 xunto con toda a documentación xustificativa (contratos, certificado de vida laboral,..).

No caso de que a certificación non fora emitida en prazo achegara xustificación documental de tela solicitado oportunamente. Fora deste suposto, calquera certificación enviada fóra do prazo establecido terase por non presentada.

Os datos reflectidos na certificación serán os que teña en conta a comisión de valoración do concurso para a adxudicación dos postos de traballo solicitados.

V. Baremo de méritos, preferencia e criterios de desempate.

V.1.- A resolución do presente concurso farase mediante a aplicación aos aspirantes do baremo de méritos que figuran como anexo II á presente convocatoria.

V.2.- Terán preferencia para ocupar as vacantes adecuadas á súa categoría pola seguinte orde:

Primeiro.- Os adscritos temporalmente por remoción do posto obtido por concurso, de acordo co disposto no artigo 7.2.a).7 do

V convenio colectivo único.

Segundo.- Os declarados en situación de incapacidade permanente total e adscritos temporalmente polo procedemento regulado no artigo 7.4.c) do IV convenio colectivo único.

Terceiro.- Os adscritos temporalmente por causas de saúde que só terán preferencia para acceder a postos da categoría profesional á que estean adscritos polo procedemento regulado no artigo 7.4.b) do IV convenio colectivo único.

Cuarto.- Na primeira fase de resultas os que acrediten a circunstancia de reunificación familiar (artigo 7.2 a .1 do V convenio colectivo).

V.3.- A orde de prelación dos aspirantes para ocupar cada unha das vacantes solicitadas virá dada pola aplicación dos méritos recollidos na certificación tal e como se establece na Base III.

No caso de empate nas puntuacións acudirase para dirimilo á maior puntuación outorgada polos méritos alegados seguindo a orde establecida no baremo que figura como anexo II. De persistir o empate resolverase pola orde

alfabética do primeiro apelido, e de ser igual polo segundo, a partir da letra do sorteo que tivo lugar o 1 de febreiro de 2011 (DOG núm. --, do -- de febreiro). En último lugar solventarase por sorteo entre os interesados.

VI. Comisión de Valoración

VI.1.- Para a resolución do presente concurso, a Conselleira de Facenda nomeará as comisións de valoración que considere necesarias.

VI.2.- A composición da/s comisión/s de valoración será como segue:

- Un presidente, que será o titular da dirección xeral da Función Pública ou persoa en quen delegue.
- Un/unha secretario/a, con voz e sen voto.
- Cinco vogais, dous dos cales serán representantes das organizacións sindicais presentes no Comité Intercentros.

Os acordos da/s comisión/s adoptaranse por maioría dos seus membros.

VI.3- Os membros da/s comisión/s de valoración deberán absterse de participar cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Así mesmo, poderán ser recusados polas mesmas razóns.

VI.4.- Co fin de acadar a necesaria coordinación entre as comisións de valoración, no suposto de existir máis dunha, todas actuarán baixo a dirección da nº 1, que resolverá cantas consultas, interpretacións e criterios de valoración e unificación poidan ser formuladas e solicitadas polas restantes comisións sobre a interpretación das bases da presente convocatoria así como sobre a aplicación do baremo, e elevar a proposta para a adxudicación da totalidade das prazas.

VI.5.- Estas comisións terán a categoría quinta das previstas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño.

VII. Resolución

VII.1.- Expirado o prazo de presentación de solicitudes a Dirección Xeral da Función Pública dictará resolución que se publicará no Diario Oficial de Galicia en que se declarará aprobada a lista de admitidos e excluídos con indicación do lugar en que se atopan expostas.

VII.2.- Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución, para emendaren, no seu caso, os defectos que motivaron a súa exclusión. Para tal efecto,

a estimación ou desestimación destas peticións de emendas entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a listaxe definitiva.

VI.3.- Unha vez transcorrido este prazo, a Dirección Xeral da Función Pública dictará resolución definitiva, contra a cal se poderá interpor reclamación administrativa previa á vía laboral perante o titular da Dirección Xeral da Función Pública, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da dita resolución no Diario Oficial de Galicia, en aplicación dos artigos 120 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

VII.4.- A adxudicación dos postos ofertados no anexo I e dos que resulten vacantes a consecuencia daquela adxudicación realizarase na mesma orde da Consellería de Facenda. A adxudicación dos postos vacantes de categoría distinta á de pertenza que resulten vacantes tras a elección de destino definitivo correspondente a OEP do ano 2005 publicarase por unha orde posterior.

VII.5.- Unha vez efectuada a proposta provisoria da comisión de valoración para a adxudicación dos destinos ofertados no anexo I farase pública no Diario Oficial de Galicia mediante unha resolución da Dirección Xeral da Función Pública. Os concursantes poderán formular as oportunas reclamacións, se é o caso, contra esta proposta ante esta dirección xeral no prazo de dez días hábiles a partir do seguinte ao da publicación, que se presentarán no rexistro xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, nas delegacións provinciais e oficinas comarcais desta consellería, ou nos lugares previstos no artigo 38 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

VII.6.- Examinadas e resoltas pola/s comisión/s as reclamacións, se é o caso presentadas, procederase a elevar proposta definitiva de resolución do concurso, que será resolta por unha orde da Consellería de Facenda, que se publicará no Diario Oficial de Galicia e na cal figurarán os destinos adxudicados a cada un dos participantes.

VII.7.- Contra a orde dictada poderase interpor reclamación administrativa ante a conselleira de Facenda no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da dita resolución no Diario Oficial de Galicia, en aplicación dos artigos 120 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

VII.8.- Os destinos adxudicados serán irrenunciables, salvo que con anterioridade á finalización do prazo posesorio se obtivese outro destino mediante convocatoria pública.
Neste suposto deberase optar por un dos dous postos e comunicar a opción efectuada nos tres días seguintes á Dirección Xeral da Función Pública.

VII.9.- Os traslados que se deriven da resolución do presente concurso terán a consideración de voluntarios; en consecuencia non xerarán dereito a indemnización.

VIII. Incorporación ao posto de traballo

VIII.1.- Os aspirantes que obteñan algunha das vacantes solicitadas deberán cesar no seu posto de traballo no prazo de tres días, a contar desde a data que se faga constar na Orde pola que se resolva o concurso. O prazo para tomar posesión do novo posto de traballo será de tres días a partir do seguinte ao cese no anterior posto se o destino do novo posto non implica cambio de residencia habitual do concursante ou dun mes se implica cambio de residencia. Se na data de cesamento ou de inicio do cómputo do prazo posesorio o persoal está a gozar dun período de licencia, vacación ou permiso, o cómputo deles comezará ao día seguinte ao da reincorporación ao posto de traballo.

VIII.2.- No suposto de que a vacante estea ocupada por un contratado laboral temporal, de conformidade co disposto no artigo 34.1.b) do V convenio, o cesamento e a toma de posesión do adxudicatario suspenderase ata que o substituto cumpra o período establecido no Real decreto 1194/1985.

Contra a dita Orde pódese interpoñer reclamación administrativa previa perante a conselleira de Facenda, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da publicación da presente Orde no Diario Oficial de Galicia, en aplicación dos artigos 120 e seguintes da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e demais disposicións concordantes.

Santiago de Compostela, a de de 2011

Conselleira de Facenda

Autonómica

CIG-Autonómica

BORRADOR DA CONVOCATORIA DO CONCURSO DE TRASLADOS, GRUPO V (04/02/11)

ANEXO I

RELACIÓN DE CATEGORÍAS DA MESMA FAMILIA FUNCIONAL DO GRUPO V

A. VIXILANCIA E CUSTODIA:

V – 3
V – 10E

B. SERVIZOS AUXILIARES:

V – 2
V – 8
V – 12

C. ALIMENTACIÓN E LIMPEZA:

V – 1
V – 11

D. SERVIZOS FORESTAIS E DE INTERVENCIÓN:

V – 9
V – 10A
V – 10B (1)
V – 10C
V – 10F
V – 14 (1)
V – 14A (1)

(1) Probas físicas ou recoñecemento médicos.
.

CIG Autonómica

CIG-Autonómica

BORRADOR DA CONVOCATORIA DO CONCURSO DE TRASLADOS, GRUPO V (04/02/11)

ANEXO II

BAREMO DE MÉRITOS

I) SERVIZOS PRESTADOS:

I.1 Servizos prestados en idéntica categoría profesional como persoal laboral en calquera Administración Pública: 0,20

puntos/mes.

Considéranse categorías idénticas todas as homologadas ~~que se inclúen~~ baixo un mesmo número do grupo V no anexo II-B do V convenio colectivo.

I.2 Servizos prestados en distinta categorías profesional como persoal laboral en calquera Administración Pública: 0,10 puntos/mes.

II) PERMANENCIA:

Por cada mes no último posto que se ven desempeñando con carácter definitivo ou en adscrición provisional por reingreso, amortización do posto de traballo ou cese por libre designación: 0,25 puntos/mes.

III) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Curso de CELGA 3 ou equivalente homologado por el órgano competente en materia de política lingüística : 1 puntos.

Curso de CELGA 4 ou equivalente homologado por el órgano competente en materia de política lingüística: 2 puntos.

En caso de acreditar máis dun grao de coñecemento de galego, só se computará o superior.

IV) FORMACIÓN

Por cursos organizados e impartidos directamente pola Escola Galega de Administración Pública, Escola Galega de Administración Sanitaria, Escola Galega de Seguridade Pública, Instituto Nacional de Administración Pública, escolas oficiais de formación das restantes comunidades autónomas, universidades, Servizo Público Estatal de Emprego, Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Traballo e Benestar e os cursos de formación continua do AFCAP (Acordo de Formación Continua das Administracións Públicas), nas materias que a seguir se sinalan:

- Seguranza e saúde laboral.
- Convenio colectivo para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

A valoración dos cursos farase de acordo cos seguintes criterios

-Por cada curso de duración igual ou superior a 12 horas lectivas e ata 40 horas lectivas: 0,20 puntos por curso.

-Por cada curso de duración superior a 40 horas lectivas e igual ou inferior a 75 horas lectivas: 0,40 puntos por curso.

-Por cada curso de duración superior a 75 horas lectivas e igual ou inferior a 100 horas lectivas: 0,80 puntos por curso.

-Por cada curso de duración superior a 100 horas lectivas: 1 punto por curso.

Non se valorarán os cursos en que non se acrediten as horas de duración nin as asistencias a xornadas, seminarios, e similares.

A puntuación máxima neste apartado será de ...

V) DESTINO EN DISTINTA LOCALIDADE

IV.1Destino definitivo do/a traballador/a fora do concello da vacante: 3 puntos.

IV.2Destino definitivo do/a traballador/a fora da provincia da vacante: 5 puntos.

VI) XORNADA INFERIOR A ORDINARIA EN COMPUTO ANUAL

Cando se ocupe un posto a tempo parcial ou fixo descontinuo e se opte a un posto con xornada completa doce meses ao ano: 2 puntos.

VII) AFINIDADE FUNCIONAL ENTRE CATEGORÍAS (SÓ APLICABLE NA SEGUNDA FASE DE RESULTAS)

Cando se pertenza a unha categoría da mesma familia funcional: 2 puntos

Autonómica